



# BANDO

## FESTAS PATROAIS DE BURELA 2026

### A ALCALDESA DO CONCELLO DE BURELA FAI SABER:

Estimadas veciñas e veciños,

Compráceme dirixirme a todas e todos vos nunha ocasión tan especial para anunciar o inicio das nosas esperadas Festas Patroais. Durante os próximos días, o noso municipio transmitirá alegría, cultura e tradición no que vos convido a participar activamente en compañía de familiares e amizades.

Estas festividades son unha oportunidade para celebrar e gozar, pero tamén para recordar a importancia da convivencia e o respecto mutuo. Por elo, quero recordar algunhas das boas prácticas adoptadas que se deben gardar e servizos dos que se disporán.

### 1. IDENTIFICACIÓN DOS ESPAZOS DA FESTA



Dende o venres 5 de xuño ás 15:00 h ata o luns 8 de xuño ás 06:00 h, o acceso de vehículos ao recinto feiral do porto quedará limitado unicamente pola Rúa do Porto e a servizos de emerxencia, operarios do porto e embarcacións, e vehículos autorizados para carga e descarga de material das cantinas e orquestras.

Habilitaranse 2 prazas de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida na Rúa do Porto.





## 2. PUNTO DE SEGURIDADE (PUNTO LILA DIVERSO E SEGURO)

Contarase cun **Punto de Seguridade (Punto Lila)**, dedicada a ofrecer asistencia e apoio a calquera persoa que o precise, garantindo un ambiente seguro e acolledor durante as festas. Este servizo estará ubicado na Rúa do Porto, operativo dende o sábado día 6 de xuño ata o luns día 8 de xuño en horario de 22:00 – 06:00, cubrindo os seguintes servizos:

- Punto informativos sobre recursos contra a Violencia de Xénero
- Atención Psicolóxica
- Coordinación con forzas de seguridade
- Primeiros auxilios
- Punto de encontro seguro
- Carga de dispositivos móbiles á xuventude
- Hixiene íntima feminina
- Punto de seguridade delitos de odio

## 3. BOTELLÓN

Está prohibido o consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques, prazas públicas e outros lugares de tránsito públicos. O incumprimento desta medida podería ocasionar a correspondente multa ou sanción.

## 4. VASOS DE CRISTAL

Está **prohibido o uso de vasos de cristal no campo da festa** co fin de garantir a seguridade dos asistentes e para facilitar o mantemento e manipulación nas labores de limpeza.

## 5. REFORZO DE CONTEDORES

A limpeza dos residuos xerados e responsabilidade de todos e cada un de nos, por elo, as nosas rúas contarán cun reforzo de contedores para manter limpas, na medida do posible, as zonas públicas e tratar de reducir a cantidade de residuos ciscados. E tamén, evitar o vertido do lixo ao mar.

## 6. HORARIOS FOGOS DE ARTIFICIO E PIROTECNIA

- Venres 29 de maio ás 20:30 horas co comezo da misa.
- Venres 29 de maio ás 21:15 horas aprox. coa procesión que baixa da Igrexa de Vila do Medio ata a Igrexa parroquial.
- Sábado 30 de maio (Día do Pregón) ás 20:00 horas. Chupinazo.
- Venres 5 de xuño (Venres das festas) ás 23:00 horas co comezo da verbena.
- Sábado 6 de xuño (Sábado das festas) ás 20:30 horas co comezo da misa.
- Sábado 6 de xuño (Sábado das festas) ás 21:15 horas aprox. fogos a final da misa e procesión, seguida de fogos de artificio ata ás 24:00 horas.





- Domingo 7 de xuño (Domingo das festas) ás 12:00 horas co comezo da misa.
- Domingo 7 de xuño (Domingo das festas) ás 13:00 horas coa procesión marítima.
- Luns 8 de xuño ás 12:00 horas coa procesión.
- Luns 8 de xuño ás 05:00 horas co remate da verbena.

Redúcese considerablemente o horario de fogos de artificio e pirotecnia con respecto a outros anos, en favor dos colectivos mais vulnerables e do benestar animal na búsqueda dunha celebración mais inclusiva e respetuosa.

## 7. AMPLIACIÓN HORARIA

De acordo co Anuncio do Decreto de Alcaldía n.º 2026/0064, ditado con data 30 de xaneiro de 2026, publicado no Portal de Transparencia con data 3 de febreiro, punto 8.9 de Información e atención ao cidadán de Ampliación de Horarios de Espectáculos Públicos e Actividades recreativas (<https://burela.sedelectronica.es/preview-document/1235f833-44e3-4f14-98b0-aecc2c12129c/>) e publicado no BOP de Lugo n.º 032, con data 9 de febreiro de 2026.

Convén recordar, entre outros puntos recollidos no propio anuncio,

- Que se **autoriza a ampliación en dúas horas (2 horas)** dos horarios xerais de finalización das actividades recreativas relativa ás «**festas ou verbenas**», establecidos no apartado II.5 do Anexo da Orde do 23 de outubro de 2020:
  - \* A noite que vai do 30 ao 31 de maio de 2026 (Día do Pregón)
  - \* A noite que vai do 5 ao 6 de xuño de 2026 (Venres das festas)
  - \* A noite que vai do 6 ao 7 de xuño de 2026 (Sábado das festas).
  - \* A noite que vai do 7 ao 8 de xuño de 2026 (Domingo das festas).
  - \* A noite que vai do 8 ao 9 de xuño de 2026 (Luns das festas).
- **Informar ás persoas interesadas que esta autorización non implica, en ningún caso**, a autorización ás persoas titulares dos establecementos sitos no termo municipal do Concello de Burela nos que se desenvolve, ao amparo do preceptivo título habilitante, algunha das actividades recreativas e espectáculos públicos do Catálogo de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 124/2019, do 5 de setembro, para **realizar calquera outra actividade recreativa ou espectáculo público extraordinario, tanto no interior, como no exterior do establecemento.**
- Que o outorgamento da presente autorización, **non pode dar lugar ao incumprimento dos límites de emisión e inmisión de rúidos establecidos na vixente normativa de protección fronte á contaminación acústica**, para as ditas actividades, e que o eventual incumprimento destes podería determinar, no seu caso e sen prexuízo doutras responsabilidades civís ou penais, a incoación dun expediente sancionador como consecuencia da comisión dalgunha das infraccións.





## 8. HORARIO SEN MÚSICA NO RECINTO FEIRAL

Con motivo das festas patroais de Burela do ano 2026, a Asociación Festas Patroais de Burela e o Concello co fin de reducir o estrés auditivo e facilitar que nenos/as e adultos afectados por alteracións do espectro autista (TEA) e outras sensibilidades auditivas. Establece que, durante os días 5, 6, 7 e 8 de xuño en horario de 18:00 a 19:00 horas o funcionamento das atraccións da feira será sen música. Facendo do recinto feiral durante este período mais inclusivo e accesible para todas as persoas.

## 9. RESPETO POLO MEDIO AMBIENTE

O gozo das festas non pode, baixo ningún concepto, colidir co deber cívico de preservación, limpeza e respecto polo medio ambiente e polos espazos públicos que a todos nos pertencen.

1. **RESPONSABILIDADE DAS ORQUESTRAS E ORGANIZADORES.** As orquestras, agrupacións musicais, comisións de festas e entidades organizadoras de actos públicos en espazos municipais son directamente responsables de adoptar as medidas precisas para evitar a sucidade na vía pública derivada da súa actividade. Queda prohibido o uso de canóns de confeti plástico ou materiais dispensables análogos desde os escenarios ou estruturas.
2. **PROHIBICIÓN DE MATERIAIS CONTAMINANTES.** Queda expresamente prohibido verter, abandonar ou diseminar na vía pública, prazas, paseos, xardíns, praias ou calquer espazo de uso público municipal toda clase de produtos, envoltorios, papeis, plástico, vidros ou desperdicios similares. Isto inclúe de maneira categórica o lanzamento de confeti, serpentinas, globos, vasos e palliñas por parte do público asistente debendo utilizarse obrigatoriamente as papeleiras e instalacións dispostas para tal fin.

Un municipio limpo é o que menos se ensucia. A colaboración de cada veciño e o respecto de cada visitante son fundamentais para que poidamos gozar das nosas festas dunha forma sostible, cívica e en perfecta harmonía co entorno.

**¡BOAS FESTAS A TODAS AS VECIÑAS, VECIÑOS E VISITANTES, COS MEUS MELLORES DESEXOS!**

**MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO**  
**ALCALDESA DO CONCELLO DE BURELA**

Burela, a 26 de maio de 2026

